

A RECEPCIÓN DA OBRA DE SARMIENTO EN EUROPA NOS SÉCULOS XVIII E XIX

Concepción Varela Orol

DOI: [10.17075/eiems.2024.012](https://doi.org/10.17075/eiems.2024.012)

Parecería razoable pensar que un autor que á súa morte non deixou máis que unha obra impresa sería pouco coñecido fóra do seu país. Porén, a existencia de textos manuscritos de Sarmiento en bibliotecas europeas e americanas fornécenos de pistas sobre a circulación das súas obras, sobre todo tendo en conta que moitas delas foron adquiridas en vendas de bibliotecas particulares ou por doazóns. Así pois, o obxectivo do noso traballo é atoparmos sinais da recepción da súa obra en Europa, mais dende logo sen marcármonos o obxectivo de aspirar á exhaustividade. Tendo en conta as dificultades para consultarmos fontes de moitos países, ao teren parte deles poucas obras dixitalizadas, centrámonos especialmente na recepción da obra sarmentina no Reino Unido, Francia, Alemaña e, puntualmente, Italia e Bélxica.

A primeira parte deste traballo trata de identificar a presenza de obras de Sarmiento en bibliotecas privadas. As fontes fundamentais para este obxectivo foron os catálogos das poxas de bibliotecas particulares e, en menor medida, os catálogos das bibliotecas feitos polos propios coleccionistas. As poxas deron lugar a unha serie de centros de negocios ao longo da Idade Moderna, primeiro nos Países Baixos e posteriormente noutros países, especialmente Inglaterra e Francia. Paralelamente, vaise creando un mercado de libros antigos e raros, ligado á recuperación de fontes históricas, ao desenvolvemento da historia literaria e ao coleccionismo. Cómpre salientar, en todo caso, que se precisa certa prudencia na valoración destes catálogos como fonte para o estudo das bibliotecas, xa que en ocasións os libreiros mesturaban algúns libros das súas librarías nas poxas de bibliotecas privadas, ás veces advertindo os compradores e outras non. Tamén ocorría o contrario: determinados libros da biblioteca non se incluían na poxa porque eran vendidos polos libreiros con antelación a esta ou porque eran conservados polos seus propietarios ou herdeiros.

Na segunda parte do traballo tentamos aproximarnos á recepción das achegas de Sarmiento nos libros, o que nos permite calibrar o coñecemento das obras e a reputación de Sarmiento na comunidade erudita europea de finais do século XVIII e do XIX. As fontes empregadas nesta segunda parte son fundamentalmente os libros de viaxe e as historias literarias, así como diversas edicións do romanceiro e autores clásicos da literatura española, xa que cabe agardar que a atención prestada ás literaturas nacionais e aos estudos orientais no Romanticismo europeo fixese recaer o interese sobre unha das primeiras historias literarias impresas en España,

e que as numerosas edicións europeas do *Quijote* tivesen en conta a *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de Cervantes*.

SARMIENTO NAS BIBLIOTECAS E NO MERCADO LIBREIRO

Os libros impresos en España no século XVIII quedaron en gran parte excluídos do mercado europeo polas debilidades do comercio do libro español, claramente expostas por Sarmiento nas *Reflexiones literarias* e patentes tamén na correspondencia dos contactos alemáns de Mayans ou na correspondencia de John Bowle e Thomas Percy. Con todo, algúns libreiros españois, como Antonio e Gabriel de Sancha, tentaron entrar no comercio europeo nas últimas décadas do século, contactando con libreiros ingleses e cos primeiros hispanistas, como John Talbot Dillon ou Bowle (Sánchez Espinosa 2014). Outra cousa foron os libros de séculos anteriores que xa na primeira metade do século XVIII saíron de España para nutrir as bibliotecas de diplomáticos e viaxeiros, como o diplomático dinamarqués Fridericus Adolphus Hansen von Ehrencron ou o coleccionista alemán barón de Schönberg, saídas das que Sarmiento responsabilizará os libreiros españois. No século XIX vanse incrementar as remesas de fondos españois por distintos acontecementos políticos, como as pillaxes das coleccións na Guerra da Independencia, o exilio de afrancesados e posteriormente dos liberais á caída do Trienio, o mercado de fondos procedentes da desamortización e a venda de bibliotecas españolas en París e Londres.

Dende mediados do século XVIII España e a súa literatura (Cervantes, Lope de Vega etc.) comezaron a ter interese para algúns viaxeiros do Reino Unido. Non obstante, será especialmente a partir da Guerra da Independencia cando a historia, a cultura, a lingua e a literatura españolas comezarán a ser un foco de atención dos estudosos británicos (Saglia / Haywood 2018: 1). Ao mesmo tempo, entre 1750 e 1850 comezaron a producirse cambios tanto no mercado do libro como no coleccionismo, que van converter Londres no novo *magasin* do universo. Para o que se refire a este traballo, dúas son as mutacións fundamentais: o cambio de valores no coleccionismo, no que a rareza dos libros pasa a ser o valor fundamental da bibliofilia (Hunt 2006: 438-439), e o impacto que as correntes románticas terán nela, que se despraza das grandes obras clásicas, que caracteri-

zaran a bibliofilia anterior, ás literaturas romances, entre elas a española. Así, un gran coleccionista como Grenville mercou considerables incunables españois, pero nunca escritos en latín (Taylor 2011: 310).

Como é coñecido, en Londres vendéronse importantes coleccións españolas, como as de Juan de Iriarte (1823), e parte das bibliotecas de Mayans, de José Antonio Conde (1824-1825), da Casa de Altamira (c. 1825) etc., que serán a orixe da recepción dalgúns manuscritos de Sarmiento, nun mercado en que tamén circularon os seus libros impresos e libros da súa biblioteca. Con razón escribiu ao redor de 1850 o poeta Sobolewski: «[S]e tedes intención de formar unha biblioteca española, quedade en París, escribide a Londres, e xuntaredes en tres meses, con menos gasto, sen apuro e sen perda de tempo, unha colección máis numerosa e mellor escollida que a que poderíades facer con dez anos de estada e de viaxes por España» (Sobolewski 1951: 76).

As primeiras novas da saída de libros de Sarmiento ao mercado libreiro inglés atopámolas en 1783 no catálogo da biblioteca de Thomas Crofts (1722-1781), membro da Royal Society e coñecido bibliófilo, cuxos coñecementos procedían das lecturas e das súas viaxes por Europa e Siria, nas que comprou un número considerable de libros (Nichols 1814: 482). Os libros foron vendidos nunha poxa do libreiro londiniense Samuel Paterson, bo coñecedor dos libros europeos e quen na súa dedicación á librería vendeu importantes bibliotecas. A poxa de Crofts incluía 8630 lotes, dos cales 239 eran de libros españois e portugueses, moitos incunables e impresos dos séculos XVI e XVII. Entre estes libros estaban as *Memorias para la historia de la poesía*. É posible que o comprador deste exemplar fose John Bowle, autor da primeira edición crítica do *Quijote* (1781), xa que parece que mercou gran parte da biblioteca de Crofts (Bas 2017: 121), da que anteriormente xa consultara algúns libros grazas ao seu correspondente e amigo Thomas Percy. Ademais das *Memorias* (Cox 1979: 31), figuraba na biblioteca de Bowle un manuscrito de *Noticia de la verdadera patria... de Cervantes*, que lle chegara a finais de 1778 (Eisenberg 2003b). A biblioteca de Bowle foi vendida en dúas poxas organizadas en 1790 por Benjamin White, un dos libeiros londinienses máis importantes na distribución de libros españois. O mesmo libreiro realizara en anos anteriores outras dúas poxas en que se poñían á venda as *Memorias*, unha con fondos de varias bibliotecas (1785) e outra coa biblioteca do clérigo Ellis Jones (1786).

En 1803 Leigh and Sotheby poñen á venda a biblioteca de Henry Swinburne (1743-1803), quen viaxara por España en 1775-1776 e autor dun coñecido libro de viaxes do que falaremos posteriormente. A biblioteca de Swinburne estaba formada por 1586 libros, fundamentalmente editados en Inglaterra, Italia e Francia, onde tamén vivira, así como dez manuscritos orientais. Só nove libros eran de autores españois, dos cales unicamente catro estaban impresos en España, todos eles editados no século XVIII. Un destes catro é a edición das *Memorias* de Sarmiento. Stewart, Wheatley e Adlard realizan en 1828 unha poxa de libros principalmente en latín, italiano e español, recentemente importados, cuxo catálogo inclúe dous manuscritos de Sarmiento baixo a epígrafe «Manuscritos de La Serna y Santander». Trátase das *Memorias de la vida y escritos de Miguel de Cervantes Saavedra* e dun volume das *Obras* do padre Sarmiento. Na década seguinte o libreiro Evans vende en tres poxas (1833-1834) 6388 libros da biblioteca do coleccionista Philippe Auguste Hanrott (1766-1856). Entre os fondos do catálogo de febreiro de 1834 están as *Memorias*, luxosamente encadernadas. En novembro dese mesmo ano, Evans vende a mesma obra de Sarmiento nunha poxa da biblioteca dun «cabaleiro».

Sen dúbida, unha das mellores bibliotecas particulares inglesas foi a de Richard Herber (1733-1833), cualificada polo seu amigo Walter Scott como a mellor biblioteca do mundo, e o seu propietario, por Pedro Salvá, como a persoa que reuniu o maior número de libros raros españois (Salvá y Mallén 1872: I, X). Formada por case quince mil volumes e distribuída en distintos edificios de varios países europeos, as poxas para a súa venda tiveron lugar en Londres (13), París (2) e Gante (1) dende 1834 ata 1837. Na poxa número 11, organizada en Londres en 1836 polo libreiro Evans, saíron á venda 1717 manuscritos, dos que 81 eran españois, entre eles catro de Sarmiento. O exemplar do catálogo desta poxa existente na Biblioteca Bodleiana ten anotados á man os prezos e adxudicatarios de moitas pezas, entre elas as de Sarmiento. Así, o título *Memorias de la vida y escritos de Miguel de Cervantes Saavedra* vendeuse, xunto con outra obra, por unha libra e un xilin ao libreiro John Thomas Payne, aínda que debaixo deste nome aparece no catálogo a indicación «Sir T. P.», sen dúbida *sir* Thomas Phillips (1792-1872). A *Bibliotheca anni 1748*, coa indicación de proceder da Bibliotheca Maiansiana, alcanzou unha libra e seis xilins e foi adquirida tamén por Payne. As *Obras con índice* en dous volumes adxudicáronse ao libreiro Rood por dez xilins e

seis peniques, e finalmente, o *Extracto de un discurso... sobre el origen y antigüedad del mal gálico* foi vendido ao libreiro Thorpe por un xilin.

Outro gran coleccionista inglés foi o diplomático e parlamentario Thomas Grenville (1755-1846). Retirado da vida pública en 1818, dedicouse en exclusiva á súa biblioteca, e a partir de 1842 foi publicando un catálogo desta xunto co libreiro Henry Foss, na revisión de cuxas probas tamén participou Vicente Salvá (Taylor 2009: 336). No volume segundo da primeira parte desta obra (1842) están as *Memorias*. Á súa morte, Grenville legou a súa biblioteca ao British Museum, que publicou o catálogo da segunda parte (1848).

Algúns dos manuscritos de Herber remataron na biblioteca de *sir* Thomas Phillips (1792-1872), que sabemos que estivo presente nas poxas de importantes bibliotecas, aínda que ás veces foi representado por libreiros. Así, en 1824 acudiu á poxa na Haia da biblioteca de Gerard Meerman (Prix 1824?: VI), que posuía máis de mil manuscritos, e tamén á de Herber, onde adquiriu uns catrocentos lotes (Ricci 2010: 123). En 1837 *sir* Thomas Phillips publicou nas súas propias prensas un catálogo dos manuscritos da súa biblioteca, con 23 837 pezas. Con razón Seymour de Ricci (2010: 119) o consideraba o maior coleccionista de manuscritos de todos os tempos. Neste catálogo, baixo distintas epígrafes de anteriores posuidores, atopamos varios manuscritos de Sarmiento. No apartado que corresponde aos libros procedentes da biblioteca de Richard Heber, aparecen a *Bibliotheca del Sarmiento* e as *Memorias de la vida y escritos de Miguel de Cervantes Saavedra*; na epígrafe correspondente aos manuscritos de Juan Iriarte inclúese *M. Sarmiento: Notizia del Libro del Tesoro que escrivio en zifra El Rey don Alonzo, el Sabio*, e nas bibliotecas misceláneas, *Origen de los maragatos*. Phillips fíxose tamén con algún manuscrito da biblioteca de Sarmiento, como o tomo II da *Variae Philologiae* de Esteban de Villegas, que previamente estivo nas mans do libreiro Thomas Rodd (Bravo Vega 1991: 184). Felizmente, hoxe atópase, xunto co tomo I, na Biblioteca Nacional, en Madrid, xa que a biblioteca de Phillips foi finalmente vendida polos seus herdeiros en trece poxas que tiveron lugar entre 1886 e 1908, e aínda algúns libros en 1981. Por suposto, entre os impresos de Phillips figuraban, ademais, as *Memorias*.

A historia literaria de Sarmiento tamén a atopamos na poxa da biblioteca do poeta romántico Robert Southey, tradutor para o inglés do *Poema del Cid* e do *Amadís de Gaula*. A venda foi realizada en Londres en 1844 por Leight and

Sotheby e o comprador da obra de Sarmiento foi Miguel del Riego, irmán de Rafael, exiliado en Londres e dedicado, entre outras cousas, ao comercio libreiro, ademais de bibliófilo. Na década seguinte as *Memorias* véndense en Edimburgo, na poxa de 1853 da biblioteca de *sir* William Miller, coñecido como *lord* Glenlee (1755-1846), un xuíz cofundador da Royal Society of Edinburgh que tamén participara na poxa de Richard Heber; e en Londres en 1864, na segunda poxa da biblioteca de Herbert Norman Evans (1802-1877), un membro da Sociedade de Anticuarios de Londres.

Non é ata 1863 cando atopamos nunha poxa do Reino Unido a *Demonstración crítico-apológica del Teatro Crítico Universal*, nunha edición de 1799, que venderon Leigh, Shoteby and Wilkinson conxuntamente con outras obras de Feijoo. Os libros pertencían a un «coleccionista morto» e a D. R. Clarke, de quen non puidemos encontrar ningunha información. Tamén o comerciante e coleccionista Robert Samuel Turner (1818-1887) posuía unha biblioteca especializada en libros españois, franceses e italianos, dos que xa vendera unha parte en París en 1878, que foi obxecto de dúas poxas en Londres á súa morte. Na primeira destas vendas, en xuño de 1888, figuraban as *Memorias*.

Aínda que non é posible datar con exactitude a entrada destas obras noutras bibliotecas de creación privada e uso público, no século XIX estaban na Stirling's Public Library de Glasgow, formada en 1791 cos fondos legados polo comerciante Walter Stirling (1718-1786), que tiña no seu catálogo de 1833 un exemplar da *Demonstración*, e na London Library, unha biblioteca creada en 1841 por Thomas Carlyle con outros benfeitores, coa finalidade de que houbera en Londres unha biblioteca de préstamo, que posuía as *Memorias* no seu catálogo de 1875.

En Francia a presenza da obra de Sarmiento aparece fundamentalmente nas bibliotecas dos estudosos da literatura medieval, aínda que moitos deles eran tamén bibliófilos. Polo menos dous exemplares das *Memorias* existentes hoxe en bibliotecas institucionais proceden de bibliotecas privadas. Así, o exemplar da biblioteca de Albi, incorporado en 1884, foi de Henri Pascal de Rochegude (1741-1834), un mariño especialmente interesado na lingua e literatura occitanas da Idade Media, cuxa biblioteca contiña máis de doce mil libros, entre os que había algúns manuscritos antigos, especialmente de poesía trobadoresca (Thomas 1888). Tamén a biblioteca municipal de Aix-en-Provence conserva un exemplar da mesma obra procedente de Auguste Pécoul (1837-1916), alumno da École de

Chartes, adxunto á Embaixada de Francia en Madrid durante un tempo e membro honorario da Real Academia de la Historia, á que doou numerosos libros para a súa biblioteca. Á súa morte legou a biblioteca, formada por uns vinte mil volumes, á biblioteca de Aix-en-Provence, á que previamente entregara os seus manuscritos orientais.

A primeira poxa francesa que localizamos con obra de Sarmiento é a de Dominique Martin Méon (1748-1829), un bibliotecario, bibliófilo e medievalista francés, que para subsistir vendeu os seus libros nunha poxa do libreiro Solvet en 1813. A biblioteca incluía bastantes manuscritos, entre eles o *Extracto de un discurso sobre el mal gálico*. O manuscrito adxudicouse por 4,95 francos. En 1842 vendeuse a biblioteca de Jean-Baptiste Gabriel Amédée Chaumette des Fossés (1782-1841), diplomático e xeógrafo francés que residiu en varios países, entre eles O Perú, e que publicou varias obras sobre xeografía e outras materias. Entre os seus fondos había unha boa colección de libros españois, moitos editados no Perú, pero tamén en España. Posuía as *Memorias* e a *Demonstración crítico-apologética* de Sarmiento. Uns anos despois, en 1849, vendeuse en París a biblioteca de Joseph Tastu (1787-1849), impresor en Perpiñán e logo en París e erudito catalanista, que posuía na súa colección as *Memorias*.

Albert Frank, un libreiro alemán cunha filial en París, realizou en 1859 unha poxa de libros en cuxo catálogo se sinalaba que a maioría formaba parte da biblioteca do orientalista Étienne Quatremère (1782-1857). Poñíanse á venda case 4000 libros, deles 221 españois e portugueses, entre os que figuraban as *Memorias*. A mesma obra está presente na biblioteca do historiador e arqueólogo Jacques Texier, que foi vendida en París en 1861 polo libreiro Techener. A biblioteca de Claverie de Cassou, capelán de Isabel II, vendida en 1861 en París polo libreiro-impresor Alexandre Jean Alphonse Baillieu, contiña a *Demonstración*. Os irmáns Schlesinger, libeiros vieneses establecidos en París, venderon nunha poxa de 1871 unha biblioteca do marqués de M..., que incluía tamén as *Memorias*.

Nas últimas décadas do século XIX vendéronse en París importantes bibliotecas españolas, entre elas a de Joaquín Gómez de la Cortina, marqués de Morante (1805-1868), profesor da Universidad de Alcalá, logo reitor da Universidad Central, filólogo, humanista e bibliófilo, quen posuía unha impresionante biblioteca da que publicou un catálogo entre 1854 e 1862 con máis de 16 000 títulos. O tomo II deste catálogo incluía un exemplar do magnífico libro de Otto Van

Veen *Q. Horatii Flacci emblemata*, da primeira edición de 1607, cunha nota en que se sinalaba que o libro procedía da biblioteca de Sarmiento, que engadira unha tradución en verso castelán. No tomo V do catálogo figuraba a edición de 1778 de *Ir a la guerra, navegar y casar...*, coa indicación de pertencer ao alcalde madrileño Pedro Sainz de Baranda, e no tomo VII aparecían dúas edicións da *Demonstración* (de 1774 e 1779). Os libros foron postos á venda pola Librairie Bachelin-Deflorenne, con casas en Londres e París, primeiro nos anos 1872-1873 e de novo en 1878.

Na década de 1880 a viúva de Adolphe Labitte vendeu dúas bibliotecas que contiñan un exemplar das *Memorias*: en 1884, a do xurista e político Édouard de Laboulaye (1811-1883) e, en 1887, a do filósofo e literato Charles Marie Gabriel Bréchillet Jourdain (1817-1886). Entre 1891 e 1894 encontramos varias obras de Sarmiento na venda da biblioteca de Ricardo Heredia, conde de Benahavís, realizada en París en catro poxas. A biblioteca de Heredia contiña boa parte da biblioteca de Salvá, e desta procedencia era o manuscrito de Sarmiento sobre o *mal gálico*, cuxa tese os libeiros describían nunha nota do catálogo absolutamente ao revés da sostida por Sarmiento. Na poxa tamén se vendeu a carta autógrafa sobre a Mesta dentro dun volume misceláneo de lexislación, un exemplar das *Memorias* (1894) e outro da *Demonstración*, este último ofertado coas obras de Feijoo.

Nos Países Baixos meridionais, cunha accidentada historia política ata a formación do Reino de Bélxica en 1830, baixo a dominación francesa ponse á venda a biblioteca de Simón de Santander en 1803, cun catálogo publicado en Bruxelas polo seu sobriño, o xesuíta expulso Carlos Antonio de La Serna y Santander (1752-1813?). Simón de Santander fixera unha venda da súa biblioteca en 1767, pero axuntara unha nova colección co seu sobriño. Nesta segunda biblioteca figuraban as *Memorias* de Sarmiento, e o seu sobriño utilizou a obra para realizar algunhas notas a determinados títulos do catálogo que redactou para a venda. Adquirida por un coleccionista de Bruxelas que non puido facer efectivo o pago dos libros, a biblioteca volve a Carlos e sae de novo á venda, primeiro en Bruxelas en 1803 e logo en París en 1809, ambas co mesmo catálogo impreso en Bruxelas en cinco volumes que engadían os fondos adquiridos dende 1792, o último con distintos traballos do propietario e unha lista de prezos dos libros. Na venda de 1803 saen á poxa as *Memorias* e un manuscrito de Sarmiento, que non é ningún dos vendidos en

Londres en 1828 baixo o nome de La Serna, senón *Idea de una Bibliotheca Real*, coa anotación de ser autógrafo e composto con ocasión dunha entrevista do autor con Juan Manuel de Santander. En 1809 comprouna o libreiro Renouard e vendeuna nunha poxa. Entre 1800 e 1834 vendeuse en nove partes, en Gante, a biblioteca de André Agustin de Schoondorp, un matemático e helenista. O segundo catálogo é de 1805 e nel aparecía a segunda impresión da *Demonstración crítico-apologética* de Sarmiento.

Poucas bibliotecas alemás atopamos coas obras de Sarmiento. O primeiro catálogo dunha poxa que localizamos é de 1817, aínda que, como veremos, a obra de Sarmiento era coñecida moi anteriormente. Trátase da venda da biblioteca do orientalista Oluf Gerhard Tychsen (1734-1815), que posuía a edición de *Ir a la guerra, navegar y casar...* de 1788. Ludwig Tieck (1773-1853), un escritor romántico, hispanista e tradutor do *Quijote*, tiña un exemplar das *Memorias* na súa biblioteca. Os libros foron obxecto dunha poxa en Berlín do libreiro Adolf Asher en 1849. Antes de ser distribuído, o catálogo foi revisado por Antonio Panizzi, quen mercou antes da venda moitos libros para o British Museum, unha práctica que parece que Asher facía con frecuencia, dadas as súas boas relacións co bibliotecario (West 2009: 342). Contiña un importante número de fondos españois e dous exemplares das *Memorias*, que o libreiro distribuíu un no apartado de Lingua e literatura española e portuguesa e outro no de Historia literaria e bibliografía, entendendo ben, como veremos, as dúas funcións que a obra de Sarmiento vai desempeñar no marco europeo. A poxa non debeu ter demasiado éxito, xa que ao ano seguinte o mesmo libreiro publicou un catálogo de libros a prezo fixado que incluía 4599 libros que, segundo indicaba, en parte procedían da biblioteca de Tieck, entre eles un exemplar das *Memorias*.

A biblioteca do emperador Maximiliano de México, formada por uns 4500 libros, que incorporara á súa biblioteca o editor e bibliófilo José María Andrade, vendeuse en Leipzig en 1869 nunha poxa da librería List & Franck en asociación coa librería francesa Tross. Entre os fondos estaba o *Theatro crítico* de Feijoo cos volumes da *Demonstración* de Sarmiento. Tamén se vendeu en Leipzig, en 1783 e 1874, parte da biblioteca de Sergei Sobolewski (1803-1870), escritor, hispanista e bibliófilo ruso que viaxou por Inglaterra, Francia e España. Tivo relación cos bibliófilos españois Bartolomé José Gallardo, Pascual de Gayangos e Estébanez Calderón, así como co galego José María de Parga y Puga. Previamente ás poxas,

a British Library mercara parte da colección de libros rusos, e outra parte parece que a mercou a biblioteca de Leipzig (Chris 2009). A poxa de 1873, presentada no seu catálogo como unha colección preciosa de libros antigos e modernos, foi levada adiante por dous libeiros: Adoph Asser, que figuraba coas súas casas de Berlín e Londres, e os libeiros de Leipzig List & Franck. Entre as obras de Sobolewski desta poxa estaban as *Memorias*, vendidas por un tálero e un *groschen*.

Ademais das poxas de bibliotecas citadas, libros de Sarmiento aparecen á venda en catálogos de existencias de libeiros ingleses e franceses, como o de 1816 de Longman, Hurst, Rees, Orme e Brown, o de Evans de 1825, os de 1826 e 1829 de Salvá en Londres e o de 1829 en París, ou o de A. Frank de 1835 en París.

SARMIENTO NOS LIBROS

No século XVIII algúns estranxeiros que viviron en España por razóns de traballo, pero que publicaron fóra, introduciron o nome de Sarmiento nas súas obras. Só dous anos despois da publicación das *Memorias*, o italiano Pietro Napoli Signorelli (1731-1815), publicou en Nápoles *Storia critica de' teatri antichi e moderni* (1777), na que citaba a obra de Sarmiento a raíz das *endechas dobles*. Giambattista Toderini (1728-1790), na súa *Letteratura turchesca* (1787), recolle no tomo II que Tiraboschi e Sarmiento demostraran que a versión latina de *Calila e Dimna* de Juan de Capua non se fixo antes de 1262.

Porén, como é sabido, o coñecemento de España en Europa no século XVIII debeuse fundamentalmente aos libros de viaxes, frecuentemente cunha visión estereotipada do país. Neles encontramos as primeiras referencias a Sarmiento. Edward Clarke, que estivo en España como capelán da embaixada británica, publicou en Londres en 1763 *Letters concerning Spanish Nation*, na que encontramos por vez primeira nun libro inglés o nome de Sarmiento. O autor incluía na obra un catálogo de autores españois que, no apartado referido aos literatos, mencionaba a Sarmiento e sinalaba que o bieito estudara a historia natural, a botánica e as linguas. Unha lista idéntica aparece na edición de 1793 de *A Civil, Commercial, Political, and Literary History of Spain and Portugal* de Wyndham Beawes.

Giuseppe Baretti (1719-1789), un italiano establecido en Londres, publica nesta cidade en 1770 *A Journey from London to Genoa through England, Portugal, Spain and France*, cunha visión máis positiva de España da que era habitual neste xénero de libros. No volume III desta obra Baretti sinala que despois de Feijoo hai tres grandes eruditos en España, Sarmiento, Flores e Burriel, e engade: «De feito, un pensaría que as ciencias neste país, como nos inconmensurables séculos medios, se perseguen nos claustros», ademais de sinalar que aínda non tivo ocasión de ler nada deles.

Con todo, pronto comecemos a encontrar referencias aos textos sarmentinos. Na obra de Henry Swinburne *Travels through Spain, in the years 1775 and 1776* (1779) introdúcese unha nota sobre a orixe do topónimo *Escorial*, na que se indica a interpretación de Casiri no tomo I da *Bibliotheca Arabico-Hispana* e se cualifica a etimoloxía de Sarmiento, incluída no tomo II da mesma obra, como estraña. John Talbot Dillon (1734-1806) emprega as obras de Sarmiento en distintos textos. É el quen publica a primeira tradución dun texto de Sarmiento, incluída a carta sobre a Mesta ao duque de Medina Sidonia no seu libro *Travels through Spain, with a view to illustrate the natural history and physical geography of that Kingdom...* (1780). Ao ano seguinte Dillon publica as *Letters from an English Traveller in Spain in 1778, on the origin and progress of Poetry...*, obra de singular interese para a historia literaria española. No seu prólogo sinala que seguiu as opinións dos eruditos españois, entre os que cita a Velázquez, Sedano e Sarmiento. Con respecto a este último sinala: «[d]e cuxos valiosos escritos seleccionei moita información», información referida á introdución do papel, á Biblia de Ferrara, aos manuscritos árabes e hebreos e á copia dalgunhas estrofas do poema atribuído por Sarmiento a Macías no parágrafo 705 das *Memorias*, así como á copla do parágrafo 698. Dillon publicou tamén *History of the Reign of Pedro the Cruel, King of Castile and Leon* (1788), na que inclúe unha lista de libros españois consultados para elaborar a obra, entre os que figuran as *Memorias*.

Tamén John Bowle, no prólogo ao tomo de anotacións á edición do *Quijote*, sinala que na lectura dos libros de cabalarías seguiu o camiño apuntado por Sarmiento, engadindo distintos parágrafos da súa *Noticia*, e cita o texto sarmentino sobre a necesidade de facer as lecturas que fixo Don Quijote. No texto, xunto co manuscrito, fai uso tamén das *Memorias* do noso autor. Cen anos despois, unha selección das citas de Sarmiento no prólogo de Bowle é traducida ao inglés

na obra do hispanista Alexander James Duffield (1821-1890) *Don Quixote, his Critics and Commentators* (1881), pero, curiosamente, sinala que pertence a unha carta de Sarmiento a Bowle.

O poeta Southey baseouse nas *Memorias* na edición e tradución ao inglés da *Estoria del Cid*, publicada en 1808, en relación coa datación do texto e o número de romances que Sarmiento viu sobre El Cid. Thomas Warton (1728-1790), un dos denominados *poetas do cemiterio* e historiador literario, publicou entre 1774 e 1781 *The History of English Poetry*, en cuxo volume III atribuíu a Mosén Jordi uns versos de Petrarca. En decembro de 1782 publícanse en *The Gentleman's Magazine* varias defensas desta obra. Nunha delas, sobre a datación de Mosén Jordi, cítanse as *Memorias*. A obra tivo numerosas edicións posteriores, e na de 1824 introducíronse moitas anotacións para actualizar o texto. Un dos anotadores, Thomas Park (1759-1834), engadiu unha extensa nota sobre Mosén Jordi, na que se volve citar a Sarmiento. A introdución histórica de *A select collection of English songs* (1783) do polémico Joseph Ritson (1752-1803) fai uso abundante das *Memorias* sobre as poesías xograrescas, textos que servirán a Antonio Panizzi para redactar unha nota a respecto de Sarmiento no ensaio sobre a poesía narrativa romántica dos italianos que constitúe o volume I da súa edición *Orlando innamorato di Bojardo; Orlando furioso di Ariosto* (1830).

Sen dúbida, a máis importante historia da literatura española escrita en inglés foi a obra do americano George Ticknor (1791-1871), publicada en Londres en 1849. Ticknor recorre a Sarmiento para falar do *Libro del Tesoro*, sobre o que afirma ter un manuscrito de Sarmiento. Igualmente, cita o bieito ao referirse a *La Gran Conquista de Ultramar*, aos versos de oito sílabas ou seis que Sarmiento chama *redondillos*, aos romances dos *Doce Pares de Francia*, á autoría do *Amadís*, ás *Coplas de Mingo Revulgo*, á patria de Cervantes, ás coplas de Caláinos, ás distintas linguas en España etc. Iso si, afirma en varias ocasións que Sarmiento ten moitos prexuízos en favor da súa «provincia nativa».

En Francia os libros de viaxe destacaron a figura de Sarmiento no mesmo camiño que o fixeran os viaxeiros ingleses, introducindo o seu nome nas listas de eruditos españois, como ocorre nos *Essais sur l'Espagne. Voyage fait en 1777 et 1778* (1780) de Jean-François Peyron ou no *Tableau de l'Espagne moderne* (1797) de Bourgoing.

De forma anónima publicouse en 1810 un *Essai sur la littérature espagnole*, que se atribúe a un autor chamado Malmontet ou Malmontais, claramente inspirado na obra de John Talbot Dillon (Contreras Jiménez 2018). O texto fai un percorrido cronolóxico pola historia literaria dende a Idade Media ata finais do século XVIII. Na súa introdución recolle as afirmacións de Sarmiento sobre o descoñecemento en España dos manuscritos hebreos e árabes. Tamén copia as mesmas estrofas do poema atribuído polo bieito a Macías, así como a copla do parágrafo 698 das *Memorias*. Dá conta da introdución do papel en España, adopta a denominación *século das crónicas* para o século XIV —nestes casos citando a Sarmiento— e remata o capítulo sobre a poesía medieval recomendando as obras de Velázquez, Sarmiento e Tomás Antonio Sánchez.

Georges Bernard Depping (1784-1853), un alemán que pasou parte da súa vida en Francia, publicou en París en 1811 unha *Histoire générale de l'Espagne* que se iniciaba cun «Essai d'une bibliothèque historique de l'Espagne», unha bibliografía temática que no apartado de literatura incluía as *Memorias* de Sarmiento. O mesmo autor, en 1817 en Alemaña, imprime unha colección de romances co título *Sammlung der besten alten Spanische Historischen, Ritter und Maurischen Romanzen*, na que cita varias veces a Sarmiento. A obra foi editada en Londres en 1825 sen a introdución de Depping e con numerosas correccións, atribuídas a Alcalá Galiano (Ramírez 2017: 152), e en 1844 en Leipzig coa introdución do autor e mais correccións a esta e ás notas feitas por Alcalá Galiano. Depping fai uso das *Memorias* con relación ao uso dos *redondillos*.

En 1813 o autor xenebrino Simonde de Sismondi publicou en París *De la littérature du midi de l'Europe*. O capítulo terceiro do primeiro volume, sobre a literatura provenzal e a influencia nela dos árabes, sinala o recoñecemento de distintos autores españois da influencia da literatura árabe, entre eles Sarmiento. No mesmo ano, o orientalista Silvestre de Sacy publica no tomo IX de *Notices et extraits des manuscrits de la Bibliothèque impériale* (1813) un estudo sobre un manuscrito hebreo de *Calila e Dimna*, no que recolle as achegas de Sarmiento sobre a tradución castelá no manuscrito da biblioteca de Manuel de Pantoja y Alpuche, que hoxe se considera o orixinal sobre o que se copiaron os dous manuscritos existentes na Biblioteca do Escorial (Döhla 2007) e que lamentablemente desapareceu, posiblemente no terremoto de Lisboa. O hispanista Louis Viardot publicou en 1833 o seu *Essai sur l'histoire des Arabes et des Mores d'Espagne*. De

novo, Sarmiento é citado en relación coa introdución do papel en Europa, os reloxos autómatas e o manuscrito de *Calila e Dimna*. Outro orientalista francés, Auguste Loiseleur Deslongchamps, no seu *Essai sur les fables indiennes et sur leur introduction en Europe* (1838), inclúe dúas referencias ás *Memorias* a respecto da tradución castelá de *Calila e Dimna*, pero non parece coñecer directamente o texto sarmentino, xa que despois da cita completa indica «Not. e extr.», entendemos que en referencia ao traballo de Sacy.

Na década seguinte publícase en París a *Histoire comparée des littératures espagnole et française* (1843), de Adolphe de Puibusque, un escritor e hispanista francés e posteriormente tradutor de *El Conde Lucanor*. No tomo I da obra corríxe a atribución a Macías do poema do parágrafo 705 das *Memorias*. En 1846, Paul Agustin Gauzence de Lastours, en *L'Espagne historique, littéraire et monumentale*, inclúe unha referencia a Sarmiento en relación co número de romances.

En 1851 imprímese en París *Le Moyen Âge et la Renaissance* baixo a dirección literaria de Paul Lacroix, máis coñecido como o bibliófilo Jacob. O capítulo sobre a poesía nacional dos diferentes pobos de Europa, redactado polo filólogo francés Charles Nisard, dedica apenas dous parágrafos á poesía española e portuguesa, pero na bibliografía inclúe as *Memorias* de Sarmiento. En 1853 o texto de Sarmiento sobre o *Amadís* recibe tamén unha cita indirecta a través da obra de Ticknor no libro *De l'Amadís de Gaule et de son influence...* (1853) de Eugène Baret, un historiador de literatura que de novo citará a Sarmiento noutras obras como *Les troubadours et leur influence sur la littérature du midi de l'Europe* (1857) e *Espagne et Provence. Études sur la littérature du midi de l'Europe* (1857). Baret publica en 1863 *Histoire de la littérature espagnole depuis ses origines les plus reculées jusqu'à nos jours*, na que cita en diversas ocasións as *Memorias* en relación cos préstamos lingüísticos do español, advirte que Sarmiento se esqueceu do éuscaro e das obras de don Juan Manuel e Pedro López de Ayala, e inclúe ao bieito no capítulo sobre a erudición no século XVIII.

O filólogo e paleógrafo Édélestand du Méril publicou en 1862 *Études sur quelques points d'archéologie et d'histoire littéraire*, nos que no capítulo dedicado aos romances españois recolle o texto do parágrafo 528 das *Memorias* para ilustrar a pervivencia do romanceiro. No terceiro volume da obra do historiador de literatura Alfred Bougeault *Histoire des littératures étrangères* (1876), na parte sobre a literatura española inclúe a *Demonstración* e as *Memorias* de Sarmiento e salienta

a súa defensa de Feijoo. Outro especialista en literaturas estranxeiras, Jacques Demogeot, publica en 1880 unha obra de igual título á de Bougeault, na que cita a Sarmiento, botando de novo en falta que se esquecese do éuscaro á hora de sinalar os préstamos lingüísticos do español.

En Alemaña o interese polos libros españois era patente, como pode verse nos eruditos e bibliógrafos alemáns do círculo de Mayans, dende David Clément ata o conde de Schönberg, que en 1740 lle solicitaba a Mayans un exemplar da *Demonstración*. Este interese existía dende principios do século XVIII (Briesemeister 1984) e foi en boa parte cuberto polas edicións de libros españois ou sobre España editados en Francia e Inglaterra, incluídos os libros de viaxes. En 1772 traducíuse a obra de Baret; en 1775, dous volumes da de Antonio Ponz; en 1782, a de Talbot Dillon, e en 1790, a de Bourgoing, cun apéndice sobre o estado actual da literatura en España do orientalista Thomas Christian Tychsen, quen previamente viaxara por España, no que se incluía o nome de Sarmiento entre os eruditos españois. Os comentarios do lexicógrafo e historiador Johann Georg Meusel (1743-1820) no anuario *Historischer litteratur* (1781) a algunhas destas traducións, como as de Dillon (1780), citaban o texto de Sarmiento sobre a Mesta.

Non obstante, para o coñecemento da literatura española en Alemaña, a obra fundamental é a tradución de *Orígenes de la poesía castellana* de Luis José Velázquez feita por Johann Andreas Dieze en 1769. Esta edición contiña moitas anotacións do seu tradutor, e nunha delas, referida á lingua usada por Afonso X, cítase a *Demonstración* de Sarmiento, no texto referido á independencia da lingua galega da española e a portuguesa. Na biblioteca de Dieze, que foi vendida nunha poxa en Mainz en 1786, non figuraba ningunha obra de Sarmiento, pero debeu acceder a elas na biblioteca da Universidade de Gotinga, na que foi profesor e bibliotecario e na que formou unha salientable colección de fondos españois. Na introdución á edición de 1775 do *Quijote* editada polo hispanista alemán Friedrich Justin Bertuch faise unha referencia ao descubrimento da patria de Cervantes por parte de Sarmiento. En 1792 o profesor da Universidade de Gotinga Johann Gottfried Eichhorn fai un grande uso das *Memorias* en relación coa poesía cabaleiresca en *Allgemeine Geschichte der Cultur und Literatur des neuern Europa*, que constituía o primeiro volume de *Geschichte der Künste und Wissenschaften* (1796), así como tamén na súa obra posterior *Geschichte der Literatur von ihrem*

Anfänge bis auf Dado neuesten Zeiten (1805). A mesma obra é citada en *Litterarische Zusätze zu Johann George Sulzers allgemeiner Theorie der schönen Künste* (1796) de Christian Friedrich von Blanckenburg.

As características das historias da literatura española feitas en Alemaña serán durante moito tempo debedoras da identificación entre o natural, o nacional e o popular sostida por Herder, o que as levou a considerar o romanceiro como o xénero poético por antonomasia, e isto dará lugar a unha forte polémica en España (Comellas 2021: 269). Herder coñeceu o gran número de romances españois na obra de Baretti que se publicou en Leipzig en 1772 (Friederich-Stegmann 2014: 47). Publicou nos últimos anos da súa vida a revista *Adrastea*, en cuxo tomo II, de 1803, nun artigo sobre os romances cita a Sarmiento en relación coa métrica tomada dos refráns e a rima.

Friedrich Bouterwek (1766-1828) publicou *Geschichte der Poesie und Beredsamkeit seit dem Ende des 13. Jahrhunderts* (1801-1819), cuxo volume III (1804) trataba da literatura española. A obra foi traducida separadamente ao inglés, ao francés e posteriormente ao español (1829). As referencias a Nicolás Antonio, Velázquez, Tomás Antonio Sánchez e Sarmiento son abundantes ao longo da obra. As *Memorias* sarmentinas son citadas na edición alemá dezaioito veces con relación á métrica, aos romances, ao Arcipreste de Hita etc., en moitas ocasións para refutar as opinións de Sarmiento, por exemplo para negar o valor poético do *Poema del Cid* ou de Berceo. Tamén no tomo dedicado á poesía portuguesa fai algunha mención ás *Memorias*. Bouterwek foi a fonte pola que Eduard Heinrich von Kausler citou esta obra na introdución da edición do *Cancioneiro de García de Resende*, publicada en Stuttgart en 1846.

Outros autores que empregaron a obra de Sarmiento na década dos corenta do século XIX foron Johann Georg Theodor Graesse (1814-1855), bibliógrafo e historiador literario, no segundo volume de *Lehrbuch einer Literärgeschichte der Berühmtesten Völker des Mittelalters oder Geschichte der Literatur* (1840), e Adolf Friedrich von Schack (1815-1894), no primeiro volume de *Geschichte der dramatischen Literatur und Kunst in Spanien* (1845), no que critica o uso sarmentino da denominación *redondillos* e inclúe citas das *Memorias* cando fala do marqués de Villena e de Juan del Encina.

Na década seguinte Johannes Scherr (1817-1886) publica *Allgemeine Geschichte der Literatur* (1851) e cita a Sarmiento na bibliografía do capítulo catro, dedicado

a España; Ludwig Lemcke, no seu *Handbuch der Spanischen Litteratur* (1855), destaca as páxinas das *Memorias* sobre o Proemio do Marqués de Santillana e láíase de que só se publicase o primeiro volume da obra sarmentina, e Karl Friedrich Merkeler, na súa *Musologie. Systematische Übersicht des Entwicklungsganges der Sprachen, Schriften, Drucke, Bibliotheken...* (1857), inclúe as *Memorias* na bibliografía do capítulo dedicado a España. O austríaco Ferdinand Wolf (1796-1866), hispanista, lusitanista e descubridor do *Cancioneiro da Vaticana*, publicou en Alemaña varias obras en que tamén fixo uso das obras de Sarmiento: *Über die Lais, Sequenzen und Leiche* (publicada en Heidelberg en 1847) e *Studien zur Geschichte der spanischen und portugiesischen Nationalliteratur* (publicada en Berlín en 1859), nas que critica a posición de Bouterwek fronte a Sarmiento. Tamén en 1859 Meyer Kayserling publicou en Leipzig *Romanische Poesien der Juden in Spanien*, obra en que cita a Sarmiento no texto referido ao poeta Sem Tob.

Julius Leopold Klein (1810-1876), un escritor alemán de orixe húngara, publicou unha historia do teatro titulada *Geschichte des Dramas* (1865–1876). Nos volumes VIII a XI estuda o teatro español e recorre abundantemente ás *Memorias* nas partes dedicadas ao uso do latín e o romance, á métrica, a Berceo, a Afonso X etc. Xa finalizando o século, Viktor Martin Otto Denk (1853-1918), na súa obra *Einführung in die Geschichte der altkatalanischen Litteratur von deren Anfängen bis zum 18. Jahrhundert* (1893), introduciu a obra de Sarmiento na bibliografía e citouna con relación ao texto de *Calila e Dimna* e a Jordi de Sant Jordi, Mosén Juan Tallante etc.

REFLEXIÓNS FINAIS

O interese polas literaturas nacionais en Europa acompaña o desenvolvemento das identidades nacionais, que implica a mirada sobre o propio e a conseguinte elaboración do canon literario. Sarmiento dedicou a isto considerables traballos, como as *Memorias para a historia da poesía* e outros textos. Porén, a creación das «comunidades imaxinadas», ademais da mirada sobre o propio, supuxo tamén a mirada sobre os outros, como ben indica a atención do Romanticismo ás culturas orientais e a outras como a española, cuxa literatura fora capaz de incorporar unha forte compoñente oriental. O feito de que a obra de Sarmiento tivese interese

se para autores de textos literarios, históricos e orientalistas salienta ata que punto lingua, literatura e historia foron materiais imprescindibles para a construción da nación, como o foran para o propio Sarmiento.

Sen dúbida, as *Memorias* constitúen a obra de Sarmiento máis presente nas bibliotecas analizadas e a máis citada. Os primeiros hispanistas usárona para recadaren información sobre a literatura medieval española e, en menor medida, sobre a filoloxía. Practicamente todas as historias europeas da literatura española —e non só— fixeron uso desta obra, e numerosos estudos e edicións cervantinos manexaron a *Noticia de la verdadera patria... de Cervantes*. As *Memorias* foron tamén empregadas nos traballos europeos sobre a literatura hebrea, árabe e europea, nalgunhas ocasións indirectamente.

Moitas bibliotecas privadas europeas incorporaron esta obra entre os seus fondos, así como tamén manuscritos e impresos doutras obras, unha incorporación que se produciu moi cedo, como mostra a biblioteca de Crofts. Formalmente, poderíamos establecer dous tipos de propietarios da obra de Sarmiento: os grandes coleccionistas e os estudosos hispanistas e orientalistas. Porén, os bibliófilos non tiñan un interese exclusivamente anticuario e acumulativo dos libros das súas bibliotecas; temos evidencias de que, máis alá da súa rareza, os estudaron e os prestaron. Por exemplo, na poxa n.º 12 da biblioteca de Herber púxose á venda unha lista de romances españois e algúns franceses da Biblioteca Real de París feita polo coleccionista «con observación ocular» e con precisa colación, de acordo coa anotación do catálogo, ademais de ser o editor literario de distintos textos latinos. Os coleccionistas permitiron o uso dos seus libros a outras persoas, como ocorre no caso de Percy ou Crofts con Bowle. Heber consideraba que había que ter tres exemplares de cada título: un para mostrar, outro para o propietario e o terceiro para o servizo dos seus amigos (Fletcher 1902: 337), e dende logo prestáboas, como indica o agradecemento de William Gifford na súa tradución inglesa das *Sátiras* de Xuvenal e Persio (1817). Da biblioteca de Thomas Phillips —unha biblioteca que non podemos coñecer, xa que en gran parte foi destruída na Segunda Guerra Mundial— dise que era semipública, e os libros de lord Holland foron usados, entre outros, por Blanco White ou Southey. Todas estas bibliotecas, xunto coas institucionais —como a de Gotinga— ou as semipúblicas —como a London Library—, actuaron, pois, como portais de transferencia das culturas peninsulares e, dende logo, das obras de Sarmiento.

Nestas transferencias desempeñaron tamén un importante papel os viaxeiros, os libreiros que traballaron para coleccionistas e, especialmente en Londres e París, os exiliados españois, unhas veces tamén libreiros —como Salvá ou Riego— e outras, editores e articulistas.

Os coleccionistas, libreiros, bibliógrafos e bibliotecarios fixeron uso das *Memorias* tamén como fonte bibliográfica, aínda que en moitos casos indirectamente, con frecuencia tomada da *Typografía* de Méndez, das anotacións do catálogo de La Serna ou dos catálogos de Salvá. Tamén se serviron da reputación de Sarmiento para subliñar a rareza dunha obra indicando que Sarmiento nunca a vira, como ocorre coa edición das *Setecientas* de Pérez de Guzmán en varios dos catálogos que usamos, incluído o da biblioteca de Grenville, nota que os catalogadores da British Library indican que está no propio libro. A cita estaba extraída de Méndez. Noutras ocasións as anotacións parecen vir directamente das *Memorias*, por exemplo na nota redactada da edición do *Cancioneiro de García de Resende* no catálogo da poxa de Achille Sailliére (1890). Tamén as inclúen as obras bibliográficas como a cuarta edición do *Manuel du libraire et de l'amateur de livres* (1839) de Brunet e o *Nouveau Manuel de Bibliographie Universelle* (1857) de Ferdinand Denis, Pierre Pincon e Guillaume François De Martone, cualificada esta última como «obra preciosa para a historia da literatura española». Non menos significativa é a presenza de Sarmiento na fontes biográficas europeas. O historiador italiano Carlo Ambrogio Levati, no seu *Dizionario biografico cronologico* (1821), dedica tres volumes ás mulleres ilustres, o primeiro dos cales cita na voz *Amazonas* o texto de Sarmiento da *Demonstración*. A biografía de Sarmiento aparece xa en 1811, cando se introduce no tomo XV da novena edición do *Dictionnaire universel, historique, critique et bibliographique* dunha Société de Savans français et étrangers; en 1820, na edición revisada do *Dictionnaire historique* de François-Xavier de Feller; en 1821, no *Dictionnaire historique et bibliographique* de Peignot, e en 1822, no *Dictionnaire historique ou Biographie universelle classique* do Général Beauvais, revisado por Barbier.

Tamén fóra do campo literario foron lidos e citados outros textos de Sarmiento. Así, o historiador de medicina alemán Christian Gottfried Gruner cita en varias ocasións a edición de 1787 da *Antigüedad de las bubas* no tomo III da súa obra *Aphrodisiacus sive de Lue Venerea* (1789). O arqueólogo e epigrafista alemán Emil Hübnér (1834-1901) fai unha lembranza de Sarmiento e das súas obras

manuscritas na Academia de la Historia en *Epigraphische Reiseberichte aus Spanien und Portugal* (186?), na que lamenta que a súa dedicación ás ciencias naturais lle impedisese facer obras históricas e anticuarias maiores, e sinala as súas dúas viaxes a Galicia e o texto sobre as vías romanas de Braga a Astorga. Nunha obra posterior, *Inscriptiones Hispaniae Christianae* (1871), Hübner cita o manuscrito da *Viaxe a Galicia* da mesma Academia e reproduce as inscricións do texto sarmentino do sepulcro de San Pedro de Tomeza e da situada fronte á igrexa de Mourente.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BAS MARTÍN, Nicolás (2017): «Así nos vieron: libros españoles en la Europa del siglo XVIII (París y Londres)», en Manuel José Pedraza Gracia (dir.), *Del autor al lector: el comercio y distribución del libro medieval y moderno*, Zaragoza, Prensas de la Universidad de Zaragoza, 111-143.
- BRAVO VEGA, Julián (1991): «El tomo II de las Disertaciones Críticas de Esteban M. de Villegas», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 27:2, 181-197.
- BRIESEMEISTER, Dietrich (1984): «La recepción de la literatura española en Alemania en el siglo XVIII», *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 33:1, 285-310.
- CHRIS, Thomas (2009): «The collection of Sergei Sobolevskii», en Gilles Mandelbrote / Barry Taylor (eds.), *Libraries within the Library The Origins of the British Library's Printed Collections*, Londres, British Library, 353-362.
- COLE, George Watson (1915): «Book collectors as benefactors of Public Libraries», *The Papers of the Bibliographical Society of America*, 9, 47-110.
- COMELLAS, Mercedes (2021): «La Escuela propiamente española: La polémica sobre el lenguaje poético y la idea de nación», *Dieciocho*, 8, 247-279.
- CONTRERAS JIMÉNEZ, Manuel (2018): «Las Letters de John Talbot Dillon (1781) y el Essai sur la littérature espagnole (1810) en los inicios de la historiografía literaria española», *Esféricas Literarias*, 1, 155-187.
- COX, R. Merrit (1979): «The library of the Reverend John Bowle: Revelations in English Hispanism», en S. E. Bowman (ed.), *Studies in Honour of Gerald E. Wade*, Madrid, José Porrúa, 23-34.
- DÖHLA, Hans-Jörg (2007): *El libro de Calila e Dimna (1251): edición nueva de los dos manuscritos castellanos, con una introducción intercultural y un análisis lexicográfico árabe-español*. [Memoria de doutoramento presentada na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Zúrich]. Disponible en: <https://www.zora.uzh.ch/id/eprint/17989/> [Consulta: outubro de 2022].
- EISENBERG, Daniel (2003a): «Correspondence of John Bowle», *Cervantes: Bulletin of the Cervantes Society of America*, 23:2, 119-140.
- EISENBERG, Daniel (2003b): «Thomas Percy and John Bowle: Cervantine Correspondence», Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. Disponible en: <https://www.cervantesvirtual.com/obra/thomas-percy-and-john-bowle---cervantine-correspondence-0/> [Consulta: outubro de 2022].
- FLETCHER, William Younger (1902): *English Book Collectors*, Londres, Kegan Paul, Trench, Trübner & Co.
- FRIEDERICH-STEGMANN, Hiltrud (2014): *La imagen de España en los libros de los viajeros alemanes del siglo XVIII*, Alicante, Universidad de Alicante.
- HUNT, Arnold (2006): «Private libraries in the age of bibliomania», en Gilles Maldenbrote / K. A. Manley, *The Cambridge history of libraries in Britain and Ireland. Volume II: 1640-1850*, Cambridge, Cambridge University Press, 438-458.
- NICHOLS, John (1814): *Literary Anecdotes of the Eighteenth Century...*, vol. VIII, Londres, autor.
- PRIX des livres de la Bibliothèque Meermanienne vendu à La Haye...* (1824?), A Haia / Ámsterdam / Leiden, S. e J. Luchtmans.
- RAMÍREZ ALEDÓN, Germán (2017): «Las ediciones literarias de Vicente Salvá en el exilio (1825-1847)», en Alberto Romero Ferrer / David Loyola López (eds.), *Las musas errantes. Cultura literaria y exilio en la España de la primera mitad del siglo XIX*, Gijón, Ediciones Trea, 143-182.

- RICCI, Seymour de (2010): *English collectors of books and manuscripts (1530-1930) and their marks of ownerships*, Cambridge, Cambridge University Press.
- SAGLIA, Diego / Ian HAYWOOD (2018): «Introduction: Spain and British Romanticism», en Diego Saglia / Ian Haywood (eds.), *Spain and British Romanticism, 1800-1840*, Cham, Springer International Publishing, 1-18.
- SALVÁ Y MALLÉN, Pedro (1872): *Catálogo de la biblioteca de Salvá*, Valencia, Ferrer de Orga.
- SÁNCHEZ ESPINOSA, Gabriel (2014): «Antonio y Gabriel de Sancha, libreros de la Ilustración, y sus relaciones comerciales con Inglaterra», *Bulletin of Spanish Studies*, 91:9-10, 217-259.
- SOBOLEWSKI, Sergei (1951): *Bibliografía romántica española (1850)*, Valencia, Castalia.
- TAYLOR, Barry (2009): «Thomas Grenville (1755-1846) and his books», en Gilles Mandelbrote / Barry Taylor (eds.), *Libraries within the Library The Origins of the British Library's Printed Collections*, Londres, British Library, 321-340.
- TAYLOR, Barry (2011): «Thomas Grenville (1755-1846) y la bibliofilia hispánica», en María Luisa López-Vidriero Abello (dir.), *Bibliofilia y nacionalismo: nueve ensayos sobre coleccionismo y artes contemporáneas del libro*, Salamanca, Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas, 303-319.
- THOMAS, Antoine (1888): «Les papiers de Rochegude à Albi», *Romania*, XVII, 75-88.
- WEST, Geoffrey (2009): «Buying at auction. Building the British Museum Library's collections in the second half of the nineteenth century», en Gilles Mandelbrote / Barry Taylor (eds.), *Libraries within the Library: The origins of the British Library's printed collections*, Londres, British Library, 341-352.